



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

MESA DE FORMACIÓN CONTINUA

Na reunión de hoxe a AEAT informounos acerca da partida presupuestaria para os cursos do Plan de Formación Continua para o ano 2011, que ascende a 1.248.000€. Supón un 7% menos respecto a do ano pasado, pero aínda así a Administración afirma que será factible realizar todos os cursos xa que existen accións formativas xa en marcha (como os cursos e-learning) nas que o gasto será moito menor respecto a anos anteriores (no caso dos cursos a distancia non ten o mesmo custo a renovación que a creación dun novo curso).

Como aspectos a salientar do novo Plan de Formación temos os seguintes:

--Auméntanse os destinatarios dos cursos de idiomas, xa que, no ano 2010, houbo 1.000 alumnos destinatarios dos cursos de inglés e tratarán de chegar a 2.500 alumnos no 2011. Seguindo cos idiomas extranxeiros, ampliase a oferta aos idiomas alemán e francés. Asimesmo a través de formación descentralizada dárase o idioma árabe na Delegación Especial de Andalucía. Segue a manterse o galego na UNED para os galegos destinados fóra de Galicia da AEAT. A este respecto, reclamamos que se manteña a convocatoria das axudas de formación para o estudo de idiomas extranxeiros a través da UNED, proposta que non foi aceptada pola AEAT.

--Decidiuse, como novidade, apoiar a promoción interna ao Grupo A2 da AGE (Corpo de Xestión do Estado)

--Auméntase a número de cursos para o persoal en campaña de Renda, tanto para funcionarios como para fixos discontinuos.

--Tamén elimínase a limitación destes últimos anos respecto a determinados cursos presenciais que restrinxían a participación dos funcionarios a dúas únicas convocatorias.

Por outro lado, respecto á reivindicación da CIG de habilitar o curso para a promoción ao C1 (Administrativo e Axentes) por parte dos funcionarios que non teñan a titulación para promocionar, a AEAT "escurre o bulto" e remítenos a Función Pública, polo que segue sen darse solución aos funcionarios que se atopan nesta situación.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM